



CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO DE RESCATE EN ALTURA (32 m), PARA O CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACION DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

(Expediente N° S 02/10)

(Con Anexo I, de prescricións técnicas)



CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

I. Elementos do contrato:

1ª. Réxime xurídico do contrato.

1.1. Ámbitos, subxectivo, obxectivo e cualificación do contrato.- O contrato regulado polo presente prego é un contrato do sector público, tanto polo ámbito do suxeito contratante como polo ámbito obxectivo, a tenor do disposto polo art. 3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), e polos estatutos do consorcio, e dentro dos contratos do sector público o especificamente cualificado como contrato de subministros, a tenor do establecido polo art. 9 dese mesmo texto legal

1.2. Normas de aplicación.- Como consecuencia do anterior, as partes do contrato, en todas as fases que o mesmo comprende (preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción), quedan sometidas, e de forma expresa, á lexislación de contratos das Administracións Públicas, especialmente ás previsións contidas na dita Lei de Contratos do Sector Público, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a LCSP, ao Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en diante RXLCAP), no que non se opoña á primeira, á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que fora de aplicación, ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e en xeral e no seu caso, ao conxunto de normas do Estado e leis da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do art. 149.1.18ª da Constitución en relación coa Disposición Final Sétima da Lei de Contratos do Sector Público.

De forma supletoria, se aplicarán outras normas de Dereito administrativo e, no seu defecto, as normas oportunas de Dereito Privado. Rexerá así mesmo, a normativa administrativa que derroque, substitúa ou modifique á citada e toda a que, no seu caso, estea vixente e lle sexa de aplicación na data de formalización e execución do contrato ata a súa completa extinción e así se dispoña expresamente por dita normativa.

1.3. Prerrogativas da Administración.- Salvo o que se especifica no apartado 5 da presente cláusula respecto do recurso especial en materia de contratación as cuestións xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, se resolverán na vía administrativa polo órgano de contratación, que é o competente para interpretar as dúbidas e resolver as mesmas no seu cumprimento, de xeito que as resolucións adoptadas polo mesmo, serán firmes na indicada vía, agás que nelas se dispuxera outra cousa e poderán, en consecuencia, ser recorridas directamente perante a xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto pola Lei reguladora desa Xurisdicción.

1.4. Xurisdicción competente.- En relación co anterior así como de conformidade co disposto polo art. 21 LCSP, a orde xurisdiccional contencioso – administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato regulado neste prego quedando sometido o contratista á xurisdicción territorial que lle corresponde ao Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento.



1.5. Recurso especial en materia de contratación (potestativo).- Deberá terse en conta consonte ao art. 15.2 LCSP, o contrato regulado neste prego, está suxeito a regulación harmonizada, polo que serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación, previo á xurisdicción contenciosa – administrativa:

- os anuncios de licitación.
- os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- os actos de trámite adoptados no procedemento antecedente, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou perxuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos
- os acordos de adxudicación.

Consecuentemente, e consonte ao art. 310.5 LCSP non procederá contra ditos actos a interposición de recursos administrativos ordinarios polo que seguirase o disposto respecto do recurso especial en materia de contratación, canto se establece respecto da lexitimación, prazo de interposición, suspensión do procedemento, resolución e demais actuacións, aos arts. 312 e 314 LCSP e tendo en conta que aos efectos da presentación do escrito de interposición do recurso (art. 314.3 LCSP), deberá realizarse no Rexistro de Entrada do Consorcio contratante (Praza de San Marcos nº 8, Pazo da Deputación- LUGO).

1.6. Medidas provisionais.- Poderán adoptarse medidas provisionais e incluso, seren suspendido o procedemento nos casos previstos a estes efectos polo art. 313 LCSP.

1.7 A cuestión de nulidade prevista para os supostos recollidos no artigo 37 da LCSP poderá incoarse ante o órgano de contratación en tanto a Comunidade Autónoma de Galicia non regule quen será o órgano competente especializado para a resolución da mesma e dos recursos especiais en materia de contratación (art. 311 da LCSP). A súa tramitación axustarase ao disposto nos artigos 37 a 39 da LCSP. A interposición da cuestión de nulidade non producirá efectos suspensivos de ningunha clase por si mesma. As resolucións dadas nestes procedementos serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo.

2ª. Obxecto do contrato e documentos que revisten carácter contractual.

2.1.Obxecto do contrato.- O presente contrato ten por obxecto a adquisición por parte do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento (en adiante, Consorcio ou Administración) do subministro dun VEHÍCULO DE RESCATE EN ALTURA nos termos contidos neste Prego de Cláusulas Administrativas particulares e segundo as especificacións contidas, á súa vez, no Prego de Prescricións Técnicas que figura como Anexo I deste Prego e que o órgano de contratación aproba con ocasión da aprobación do presente.

2.2. Documentos que revisten carácter contractual.- En consideración ao anterior, tanto o presente prego como o seu Anexo ostentan carácter contractual, consonte prevén os artigos 26, 93.3 e 99.2 LCSP, así mesmo, revestirán tal carácter as melloras que de índole económica ou técnica presentara o adxudicatario definitivo e foran expresamente aceptadas polo Consorcio.



3ª. Órgano de contratación.

3.1. Órgano de contratación.- Sobre a base do establecido pola Disposición adicional segunda, apartado 2 da LCSP, o Pleno do Consorcio é o órgano de contratación no contrato regulado neste prego.

3.2. Perfil do contratante.- De conformidade co establecido polo art. 42 LCSP co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa a este contrato e sen perxuízo da utilización dos medios de publicidade correspondentes segundo queda reflectido neste prego, no perfil do contratante a través da seguinte web www.salvamentolugo.org se incluírán os datos e información sobre o contrato tal e como se regula neste prego, e en especial os datos relativos á adxudicación.

4ª. Presuposto de licitación e prezo do contrato.

4.1. Presuposto de licitación e partidas que integran o prezo.- O presuposto de licitación e prezo ao que, como máximo, pode ascender o contrato, áchase determinado polo importe total no que se inclúe, aínda que figure en partida independente, o Imposto sobre o Valor Engadido, deste xeito, o tipo de licitación está formado polas partidas seguintes:

Prezo	466.101,70 € (catrocentos sesenta e seis mil cento un euros con setenta céntimos).
Imposto sobre o Valor Engadido (18%).	83.898,31 € (oitenta e tres mil oitocentos noventa e oito euros con trinta e un céntimos)
Total (IVE engadido)	550.000,01 € (cincocentos cincuenta mil euros con un céntimo)

4.2. Elementos que inclúe o prezo.- No prezo anterior están incluídos, o transporte, impostos e gastos de matriculación para que o vehículo poida circular funcional e legalmente. En consecuencia, os licitadores, no momento de presentar as súas propostas, terán en conta que o prezo que oferten incluírá, en todo caso, a repercusión das porcentaxes indicadas no prezo que oferten así como en partida independente, o importe que sobre o prezo máximo debe repercutirse polo Imposto sobre o Valor Engadido que, aínda constituíndo partida independente, forma parte do prezo e debe abonarse pola Administración contratante.

5ª. Financiamento e existencia de crédito orzamentario.

De conformidade co artigo 94.2 da LCSP, e coas regras 41 e seguintes da Orde HAC 1299/2002, de 23 de maio, a tramitación do expediente de gasto iniciase no exercicio orzamentario anterior a aquel en que está prevista a súa execución.

A tales efectos existe informe da Secretaria Intervención sobre o cumprimento dos requisitos en relación co compromiso de crédito no correspondente exercicio orzamentario para facer fronte aos gastos derivados do contrato toda vez que o inicio do subministro se prevé que se realice para a anualidade de 2011. O compromiso de gasto adquirido, será incorporado, na contía correspondente, con cargo á aplicación 135.624



6ª. Revisión de prezos.

En atención ao disposto polo art. 77 LCSP, no contrato regulado neste prego, non serán revisados os prezos por canto é un contrato que se esgota no seu cumprimento (salvo as normas relativas ás garantías), pola entrega do seu obxecto nas condicións contractuais pactadas, momento no que nace o dereito o pago do seu obxecto.

7ª. Prazo de execución, duración do contrato e prazo de entrega dos bens.

7.1. Duración do contrato.- O contrato regulado neste prego, e un contrato de resultado, polo que o prazo de duración da relación contractual entre o adxudicatario máis o Consorcio entenderase estendido dende a data da formalización ata a devolución ao contratista da garantía definitiva.

7.2. Prazo de entrega.- O prazo de entrega do subministro polo contratista ao Consorcio, como Administración contratante, será dun máximo de NOVE MESES contados a partir da suscripción do contrato administrativo. Este prazo poderá ser rebaixado polo contratista que resultara adxudicatario en función da mellora que, no seu caso, introducira na súa proposta e que fora base para a adxudicación e aceptada polo Consorcio.

7.3. Prórrogas.- O prazo contractual unicamente se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente e apreciadas polo órgano de contratación.

8ª. Capacidade e solvencia do empresario para contratar.

8.1. Aptitude e capacidade.- Están facultados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que sinala o art. 49 LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, consonte ao establecido nos arts. 63, 64 e 66 LCSP. Asemade, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais lles sexan propios.

Respecto das empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto polos arts. 44, 47 e 48 LCSP.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a súa completa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

Aos efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión, caso de resultar adxudicatarios do contrato, correndo os custos que isto xere, de conta dos que integren aquela.

Non poderán concorrer á licitación empresas que houberen participado na elaboración das especificacións técnicas ou documentos preparatorios do contrato, nin por si nin mediante



unión temporal de empresarios, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer trato privilexiado de cara ao resto das empresas licitadoras.

8.2. Solvencia.- Para presentarse á presente licitación e, no seu caso, celebrar o contrato, os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira así como profesional ou técnica que se especifican na cláusula 12.1.4º.a (económica e financeira) e 12.1.4º.b (técnica) deste prego onde se indica a documentación precisa para dita acreditación.

II. Adxudicación do contrato:

9ª. Tramitación do expediente de contratación e adxudicación do contrato

Consonte ao establecido no art. 93 LCSP a tramitación do expediente será ordinaria e a adxudicación realizarase mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación ademais do prezo. En consideración ao indicado, os criterios obxectivos de adxudicación, aparecen reflectidos e debidamente puntuados, na súa orde decrecente, na cláusula 22ª deste prego, incluíndo neles, a ponderación do prezo na esixencia contida a estes efectos polo apartado 5 do art. 10.5 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

10ª. Anuncio e información.

10.1. Anuncios.- O procedemento regulado neste prego fai referencia a un contrato suxeito a regulación harmonizada, polo que o anuncio da licitación será posto de manifesto a través da publicación dos correspondentes anuncios no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), no Diario Oficial de Galicia (DOG), no "Boletín Oficial" desta provincia (BOP) e no Boletín Oficial do Estado (BOE), na forma establecida no Anexo correspondente do RXLCAP. Todos os gastos ocasionados polas devanditas publicacións (a excepción do DOUE), correrán de conta do licitador que resulte adxudicatario, extremo que, así mesmo, farase constar nos devanditos anuncios, e que deberá estar acreditado, con anterioridade á subscripción formal do contrato. Estímase que o custo máximo que orixinarán ditas publicacións ascenderá ao importe de 3.500,00 €.

10.2. Información aos licitadores.

Os pregos e, no seu caso, a información complementaria do expediente, estarán a disposición dos licitadores no perfil de contratante. A data límite fixada para a recepción de solicitude de información adicional sobre os pregos e sobre a documentación complementaria fíxase nos cinco días anteriores á data de remate da que corresponda á recepción das ofertas.

Asemade, poderá obterse información na Secretaría do Consorcio Provincial de Lugo (Rúa de San Marcos nº 8, Pazo da Deputación- LUGO), en horario dende as 09:00 ata as 14:00 horas, de luns a venres, durante o prazo establecido no apartado anterior.

11ª. Proposicións: Lugar e prazo de presentación.

11.1. Normas xerais.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin poderá subscribir proposta ningunha en unión temporal con outros se o fai individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas polo infractor. Os licitadores terán en conta que a



presentación dunha proposta supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego e dos seus anexos sen salvidade ou reserva ningunha.

11.2 Presentación na Administración contratante.- As proposicións para tomar parte na licitación deberán presentarse no Rexistro Xeral de Entrada do Consorcio sito en: (Rúa de San Marcos nº 8, Pazo da Deputación- LUGO).

11.3. Prazo.- Consonte ao establecido polo art. 143 LCSP, a presentación das proposicións polos interesados, deberá realizarse dentro prazo máximo dos vintecatro días naturais, contados a partires da data de envío do anuncio ao DOUE, data que, en todo caso, figurará nos anuncios que se publiquen no BOE, DOG e BOP. Nembargante, terase en conta que o prazo de presentación se ampliará a quince días máis, no caso de que o anuncio que se publique no BOE se realice cun prazo inferior aos quince días de remate do prazo inicial do DOUE.

En todo caso, se o derradeiro dos días coincidira con domingo ou festivo, o día de remate sería o primeiro hábil tras ese domingo ou festivo.

O horario de presentación das proposicións, sexa cal fora o medio no que se presenten é dende as 09:00 ata as 14:00 horas.

11.4. Outros medios admitidos.- Na forma, prazos e horario expresados anteriormente, poderán tamén os licitadores, de conformidade co disposto polo art. 80.4 RXLCAP, presentar as súas ofertas, mediante calquera dos medios admitidos polo apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e, neste caso, para ser validamente admitida a proposta, o licitador deberá remitir, mediante Fax ao número 982-260-268, ao Consorcio contratante, o mesmo día de remisión da documentación por tales medios, copia do recibo ou do documento que verifique a entrada da súa proposta nos organismos que menciona o citado art. 38.4. En aplicación do disposto polo art. 80.4 RXLCAP, si transcorridos dez días dende a data indicada de remisión, non é recibida a documentación, esta non será admitida. Tampouco será admitida documentación ningunha se chegara fóra de prazo e non se tivera remitido o anuncio da mesma mediante Fax xustificativo da data de imposición do envío. Non se admitirá que ese anuncio do envío se faga mediante correo electrónico.

12ª. Proposicións: Documentación.

As propostas que presenten os licitadores serán secretas e serán arbitrados os medios, pola Administración, que garantan ese carácter ata o momento da apertura.

En aplicación do establecido polo art. 129.3 LCSP, deberá terse en conta que cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición e tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si xa o fai individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas polo infractor.

Os licitadores deberán presentar as súas propostas dentro do prazo indicado na cláusula precedente e, en cada un dos sobres que se citan nos apartados 1,2 e 3 desta cláusula, no anverso dos que deberá figurar a lenda seguinte:

SOBRE " _ " (segundo proceda: "A", "B" ou "C") comprensivo de



_____ (segundo proceda “Capacidade e solvencia para contratar”, “documentación técnica de criterios de adxudicación non avaliábles en cifras ou porcentaxes” ou “proposición económica e oferta relativa a criterios de adxudicación avaliábles en cifras ou porcentaxes”), que presenta D^a./D. _____, en nome e representación da empresa “_____” (ou Unión Temporal), con domicilio _____ teléfono _____ e Fax _____, para tomar parte na licitación do expediente S. 02/10 do subministro dun VEHÍCULO DE RESCATE EN ALTURA (32 m) convocado polo Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento
En _____, __ de _____ de 2010
(Sinatura do licitador e selo da empresa)

Os sobres incluírán a documentación que se cita nos apartados 1, 2 e 3 da presente cláusula en orixinal ou copias auténticas ou compulsadas (salvo a garantía provisional), documentación que de conformidade co disposto polo art. 35.d) da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro, deberá figurar escrita en galego ou castelán, ou traducida oficialmente a calquera destes dous idiomas, e sen emendas, omisións ou tachadas que poidan levar á Administración, no procedemento de adxudicación, a confusións sobre o seu contido, intención ou natureza.

12.1. Sobre A: Subtitulado "CAPACIDADE E SOLVENCIA PARA CONTRATAR".- deberá conter a documentación que se relaciona a continuación, e precedendo á mesma, farase constar, en folla aparte (dentro do sobre, como primeira páxina) un índice da totalidade dos documentos que o licitador presenta neste sobre, enunciado numericamente consonte prevé o art. 80.1 RXLCAP:

1º. Documentos acreditativos da personalidade e capacidade de obrar:

a) Persoa física española:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) ou do Número de Identificación Fiscal, debidamente compulsados.

b) Persoa xurídica española:

1. Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (CIF) da empresa.

2. Escritura de constitución ou, no seu caso, Modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, a acreditación da capacidade de obrar será demostrada mediante a presentación de escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:

A capacidade de obrar será acreditada mediante a inscrición no Rexistro procedente ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I do RXLCAP.

d) Restantes empresas estranxeiras:



1. Acreditarán a capacidade de obrar mediante informe expedido pola Oficina ou Misión Diplomática Permanente de España ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa.
2. Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes a Unión Europea e non signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, presentarán tamén un informe de reciprocidade expedido pola Misión Diplomática Permanente Española no que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite, á súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración de forma substancialmente análoga.

e) Disposición común de orde xurisdiccional para todas as empresas non españolas:

A totalidade das empresas non españolas (ou empresario individual non español), sexan ou non comunitarias, deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador.

2º. Documentación acreditativa da representación:

a) Persoa física española:

1. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) do asinante da proposición cando a mesma non sexa presentada polo propio empresario individual.
2. Se o licitador non actúa no seu propio nome deberá acompañar Poder Notarial para representar á persoa en nome da que se concorre ante o Consorcio, bastantado por fedatario público ou por Letrado colexiado no ámbito do Colexio Profesional Provincial.

b) Persoa xurídica española:

1. D.N.I., Pasaporte ou documento que o substitúa, do representante legal da empresa e, no seu caso, do que concorre na súa representación.
- 2.. Cando o licitador actúe mediante representante, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastantado) pola Secretaría Intervención do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

c) Persoas físicas estranxeiras e Empresas estranxeiras:

1. Persoa física da Unión Europea ou de Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou de país signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou non comprendido nos anteriores:
 - a. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) do asinante da proposición cando a mesma non sexa presentada polo propio empresario individual.
 - b. Poder bastante do asinante da proposición cando non sexa presentada polo propio empresario individual.



2. Persoa xurídica da Unión Europea ou de Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou de país signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou doutro país non comprendido nos anteriores:
 - a. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) do asinante da proposición.
 - b. Poder bastante do asinante da proposición.

3º. Documentos relativos a prohibicións para contratar e outros:

Declaración expresa e responsable de que a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección (ou o empresario individual) non están incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no art. 130 e 49 LCSP. Nesa mesma declaración figurará tamén de forma expresa e responsable a conseguinte de que a empresa (ou o empresario individual) están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A declaración deberá ter consignados o lugar, data e a sinatura de quen a subscribe e, no seu caso, o selo da empresa.

4º. Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

a) Solvencia económica y financeira:

Se presentará informe de Institucións financeiras sobre a solvencia económica e financeira da empresa, na que se faga constar, expresamente, que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para prestar a eficaz execución do contrato e prestación que inclúe, no caso de resultar adxudicatario (art. 64.1.a LCSP).

b) Solvencia técnica:

Será acreditada mediante a presentación dunha relación dos principais subministros efectuados durante os tres derradeiros anos, con indicación do seu importe, datas e destino, público ou privado. Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e, si o fora do sector privado, acreditarase mediante un certificado expedido polo dito destinatario ou mediante declaración do empresario (art. 66.1.a LCSP).

5º. Garantía provisional:

Documento orixinal que acredite a prestación da garantía provisional esixida na cláusula 13.1 deste prego.

6º. Unións Temporais de Empresas:

Documentación que ademais da anterior, segundo proceda o caso, deberán



aportar as Unións Temporais de Empresas:

Ademais da presentación da documentación reflectida nos apartados 1º a 5º anteriores, no caso de non estar constituídas formalmente ao tempo de presentar a oferta, deberá figurar o correspondente documento asinado por todos os empresarios que subscriben a unión, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposta, a participación na unión de cada un deles, e a designación formal da persoa ou persoas ou entidades, que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da UTE ante a Administración contratante.

Rexistro oficial de licitadores da Xunta de Galicia e da Deputación provincial de Lugo:

Os licitadores poderán substituír a documentación correspondente cando presenten certificación da súa inscrición no Rexistro oficial de licitadores da Deputación Provincial de Lugo ou da Xunta de Galicia, na que se recollan os extremos aos que fai referencia os arts. 302 e 303 LCSP, salvo a contida nos puntos 12.1.2ºb e 12.1.5º, sen prexuízo de que, en calquera momento, poida a Administración, solicitar calquera dos documentos que estime precisos para verificar a súa vixencia.

12.2. Sobre B: Subtitulado " DOCUMENTACIÓN TÉCNICA DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES ": Comprensivo da seguinte documentación que deberá estar debidamente ordenada e precedida do índice correspondente:

1. Documentación técnica e referencias detalladas sobre as características do ben obxecto do subministro e melloras propostas segundo a avaliación establecida na cláusula 22, co fin de aseverar o seu axuste ás prescricións técnicas mínimas e que ditas melloras axústanse tecnicamente ao obxecto do contrato. Poderán presentarse tamén catálogos, debuxos, folletos ou fotografías relativos ao subministro ofertado.
2. Documentación xustificativa doutras melloras adicionais sobre as anteriores, xustificadas técnica e economicamente, e avaliadas sobre as prescricións mínimas que figuran no Prego de Prescricións Técnicas
3. Documentación sobre o servizo técnico pos – venda que incluírá Certificado de Asistencia Técnica que asevere que a empresa dispón de canto é necesario para o mantemento do material e reposicións durante o prazo de garantía do contrato, e programa e condicións de mantemento.

12.3. Sobre C: Subtitulado "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OFERTA RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES": Comprensivo tanto da proposta económica que oferta o licitador como da correspondente sobre os criterios de adxudicación cuxa avaliación será realizada en cifras ou porcentaxes de acordo, todo, co disposto na cláusula 22ª (Fase III: criterios calculados mediante aplicación de fórmulas) deste prego:

1º. Proposta económica: que estará axustada ao MODELO seguinte:



D/Dona, con domicilio en (localidade e provincia), rúa/praza nº .. teléfono e Fax....., co D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa “_____” co C.I.F. _____, dirección _____) toma parte no procedemento aberto para a adxudicación do contrato do subministro dun <<VEHÍCULO DE RESCATE EN ALTURA (Expdte. S. 02/10) segundo anuncios de licitación publicados no DOUE do día ___/___/___, BOE nº ___ do día ___/___/___ e B.O.P. nº ___ do día ___/___/___, e para o que fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na licitación do subministro indicado de acordo coas condicións previstas polo Consorcio contratante.
2. Coñece e acepta expresa e plenamente, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe na contratación, así como o seu Anexo I comprensivo das Prescricións Técnicas do vehículo e que forma parte do contrato, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen reserva ningunha.
3. Ofrece o prezo de: ...€ (en cifra e letra) constituído polas partidas seguintes:
 - Prezo base: ...€ (en cifra e letra).
 - Imposto sobre o Valor Engadido: ... € (en cifra e letra).Dito prezo ofertado inclúe os elementos e gastos que cita a Cláusula 4.2 do Prego de Condicións Administrativas particulares.
4. Se compromete e obriga expresamente a presentar dentro do prazo máximo de dez días contados a partir do requirimento da documentación necesaria para a adxudicación, a documentación á que fai referencia a cláusula 16 do referido prego de cláusulas administrativas.

En _____, ___ de _____ de 2010.

O LICITADOR,

(Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

2º. Proposta de ampliación do prazo de garantía do vehículo: axustada ao MODELO seguinte:

D/Dona, con D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa “_____” co C.I.F. _____, dirección _____) toma parte no procedemento aberto para a adxudicación do contrato do subministro dun <<VEHÍCULO DE RESCATE EN ALTURA (Expdte. S. 02/10) segundo anuncios de licitación publicados no DOUE do día ___/___/___, BOE nº ___ do día ___/___/___ e B.O.P. nº ___ do día ___/___/___, e para o que fai constar que:

Acepta tomar parte na licitación do subministro indicado de acordo coas condicións previstas polo Consorcio contratante e comprométese expresamente a ampliación do prazo inicial dun ano de garantía, nun total de o que supón un prazo total de garantía de(1)

En _____, ___ de _____ de 2010.



O LICITADOR, (Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

(1) Suma do prazo dun ano inicial máis o proposto de ampliación.

3º. Proposta de redución do prazo de entrega do vehículo: axustada ao MODELO seguinte:

D/Dona....., con D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº....., actuando no seu propio nome (ou na representación da empresa “_____” co C.I.F. _____, dirección _____) toma parte no procedemento aberto para a adxudicación do contrato do subministro dun << VEHÍCULO DE RESCATE EN ALTURA (Expdte. S. 02/10) segundo anuncios de licitación publicados no DOUE do día __/__/__, BOE nº __ do día __/__/__ e B.O.P. nº __ do día __/__/__, e para o que fai constar que:

Acepta tomar parte na licitación do subministro indicado de acordo coas condicións previstas polo Consorcio contratante e comprométese expresamente a realizar a entrega do vehículo nas condicións contractuais pactadas, dentro do prazo máximo de MESES (1), sen que dita redución do prazo implique merma ningunha na calidade, equipamento e calquera outra circunstancia contractual ou legal.

En _____, __ de _____ de 2010.

O LICITADOR, (Sinatura e, no seu caso, selo da empresa)

(1) No seu caso, o período inferior a un mes, expresarase en días.

13ª. Garantías: Provisional e definitiva.

13.1. Garantía Provisional.- En atención ao fin e prezo do contrato, e de acordo co establecido polo art. 91 LCSP, os licitadores deberán presentar unha garantía provisional que ascenderá a 13.983,05 € (trece mil novecentos oitenta e tres euros con cinco céntimos), resultado de aplicar a porcentaxe do 3 % sobre o prezo do contrato excluída a partida do I.V.E.

Responde a garantía provisional, do mantemento das ofertas que presenten os licitadores ata a adxudicación do contrato e, ademais, para o licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, esta garantía responderá tamén do cumprimento das obrigas que lle impón o segundo parágrafo do apartado 2 do art. 135 LCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e seralles devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato, nembargante seralle retida ao



adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva e poderáselle incautar ao/s licitador que inxustificadamente retire a súa proposta antes da adxudicación.

Caso de que o adxudicatario opte por constituír para a garantía definitiva, unha nova polo importe total, a provisional cancelarase simultaneamente á constitución da definitiva.

13.2. **Garantía definitiva.**- Ascenderá esta garantía á contía que resulte de aplicar a porcentaxe do 5 por 100 ao importe do prezo de adxudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

O licitador que presente a oferta economicamente mái vantaxosa deberá acreditar a prestación da garantía definitiva, dentro do prazo dez días hábiles ao seguinte dende a recepción do requerimento (artigo 135.2).

A garantía definitiva permanecerá vixente durante o prazo dun (1) ano, contado a partir do día seguinte ao da subscripción da Acta positiva de Recepción do Subministro obxecto do contrato, salvo mellora, neste extremo, presentada polo adxudicatario e aceptada polo Consorcio nos termos establecidos na cláusula 2ª deste prego.

13.3. **Formas de prestación.**- As garantías poderán prestarse en calquera das maneiras e coas formalidades a estes efectos previstas polo art. 84 LCSP. A tales efectos as garantías poderán prestarse en metálico, mediante valores de elevada liquidez, mediante aval ou por seguro de caución, nestes últimos casos deberá estarse ao disposto polos arts. 55 e seguintes RXLCAP e coas formalidades que para a súa constitución prevé o art. 61 dese mesmo regulamento.

14ª. Mesa de Contratación e Comité de técnicos.

14.1. **Formación da mesa e concorrencia mínima.**- A Mesa de contratación, que ten como cometido principal a valoración das ofertas e a realización da proposta de adxudicación ao órgano de contratación, está designada por este último de acordo co disposto polo art. 295 LCSP. Dita Mesa a formarán un total de catro membros e responderá á formación seguinte:

Presidente:

O Presidente do Consorcio.

Vogais:

-O Vicepresidente do Consorcio

-Dous membros do pleno do Consorcio, un pola Deputación Provincial de Lugo e o outro pola Xunta de Galicia

A persoa titular da Secretaría do Consorcio actuará coas funcións de vogal encomendadas polo apartado 10 da Disposición adicional segunda LCSP así como, en ausencia doutro funcionario, tamén actuará de Secretaria/o da Mesa.

A Mesa non poderá constituírse nin realizar actuación formal ningunha, sen a asistencia e concorrencia de, como mínimo, tres dos seus membros, entre os que necesariamente deberán figurar o Presidente e o titular da secretaría do Consorcio ou os que legal ou regulamentariamente lles substitúan.

14.2. **Comité de expertos.**- Constitúese este comité ao amparo do establecido polo art. 134.2 LCSP tendo en conta que existen criterios de adxudicación que non son avaliábles mediante



cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas. Consecuentemente este Comité emitirá informe de avaliación sobre esa serie de criterios e previamente á apertura do sobre “C”. O Comité estará formado por catro técnicos, que serán designados pola Presidencia do Consorcio, dous a proposta da Deputación Provincial de Lugo e outros dous a proposta da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia. En todo caso, deberán estar presentes para a formulación do seu informe, tódolos membros que forman parte do Comité Técnico. Actuará como Secretario, os efectos de levantamento das actas o Secretario-Interventor do Consorcio.

15ª. Actuacións da Mesa e do Comité de Expertos.

15.1. Fases que comprende a apertura e valoración das ofertas.- Se diferenciarán tres fases nas actuacións da Mesa e do Comité de expertos:

- Fase I, comprenderá os actos relativos á apertura e cualificación da documentación contida nos sobres “A” e admisión inicial de licitadores.
- Fase II, en acto público apertura do sobre “B”. Informe do Comité de expertos.
- Fase III, en acto público, apertura do sobre “C”. Avaliación dos criterios pola Mesa e proposta de adxudicación.

15.2. Fase I, apertura, cualificación da documentación (sobre A) e emenda.- A Mesa constituirase para a cualificación previa da documentación e comprobación acreditativa da capacidade e solvencia para contratar dos licitadores (sobre “A”), dentro dos vinte días hábiles ao seguinte do remate de presentación de ofertas por aqueles, no lugar que ao efecto se determine.

Se no curso da reunión da Mesa, esta observara defectos materiais na documentación presentada, concederá, un prazo máximo de tres días hábiles para que o/s licitador/es sanee/n o/s erro/s apreciado/s, extremo que deberá ser notificado polo secretario da Mesa na mesma data do acto de cualificación da documentación, sendo válida a comunicación persoal ou mediante Fax se este se ten facilitado. En todo caso, as proposicións presentadas que non se axusten ao contido estrito esixido pola Cláusula 12.1 deste prego, non serán admitidas a licitación.

No mesmo acto de apertura, poderá realizarse a admisión provisional de licitadores e, en todo caso, se levantará polo Secretario da Mesa, a Acta correspondente.

15.3. Fase II, apertura do sobre “B” e informe do Comité de expertos.- Sobre a base das comprobacións anteriores, no mesmo día do acto anterior ou ben no día, lugar e hora sinalado pola Mesa ou polo seu presidente, xuntarase esta de novo co obxecto de realizar a apertura dos sobres “B” e verificar o contido dos mesmos para, finalmente, solicitar do Comité de expertos, o oportuno informe de avaliación de ofertas de acordo cos criterios que, para tal fin, figuran na cláusula 22 deste prego, agás os que figuran no sobre “C”.

15.4. Fase III, acto público de apertura do sobre “C”.- Emitido o informe polo Comité de expertos deberá constar achegado á Secretaría da Mesa, de xeito que no día, lugar e hora designado pola Presidencia, xuntarase de novo a Mesa de contratación. Aos efectos de celebración do acto público da apertura, se inserirá anuncio no perfil do contratante do Consorcio.

O procedemento de apertura, nesta fase, atenderá ó seguinte:



- ✓ A reunión da apertura dos sobres“C” será pública, e comezará coa lectura ou nota sobre o/s anuncio/s de licitación, tralo que recontaranse as proposicións confrontándoas cos datos a eses efectos subministrados pola Secretaría do Consorcio e, de seguido, procederase a dar público coñecemento do número de proposicións recibidas e nome dos licitadores confrontando os indicados datos cos sobres pechados presentados. Nese momento, se dará ocasión aos interesados a comprobar que os sobres comprensivos das ofertas están nas mesmas condicións nas que foron entregados.
- ✓ Si existira discrepancia entre as proposicións presentadas e a certificación ao efecto emitida, ou ben xurdan dúbidas sobre as condicións do segredo debido na súa custodia, o acto será suspendido de xeito inmediato iniciándose con urxencia as pescudas oportunas sobre os feitos, volvéndose a anunciar, no seu caso, e mediante inserción no Taboleiro de Anuncios, o novo inicio do acto público unha vez que os sucesos estiveran debidamente clarexados.
- ✓ O Presidente dará conta, no seu caso, dos licitadores que foron excluídos e causas da exclusión notificándose o resultado da cualificación.
- ✓ En todo caso, as ofertas rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de tal forma que os seus sobres permanecerán pechados e non poderán ser abertos aos efectos do proceso.
- ✓ Antes da apertura da primeira proposición será concedida aos interesados a posibilidade de facer as manifestacións ou solicitar as aclaracións que estimen oportunas, procedéndose pola Mesa a dar respostas ás dúbidas sobre os extremos requiridos xa que, finalizado ese momento, non serán admitidas observacións nin interrupcións ao acto. Os interesados terán en conta que a Mesa non se fará cargo de documento novo ningún que presenten os licitadores nese momento.
- ✓ Será aberto cada un dos sobres, “C” e comprobarse primeiro si están axustados aos modelos requiridos pola cláusula 12.3 para, a continuación, prestar lectura en alta voz do contido de cada unha das ofertas no seu aspecto económico e demais propostas que se avalían mediante fórmulas. Nembargantes, se se observara que algunha proposición non estivera en concordancia coa documentación examinada e admitida, superase o importe do prezo da licitación ou variara substancialmente os modelos establecidos, de tal xeito que mesmo fagan a oferta inviable será rexeitada pola mesa mediante resolución motivada.
- ✓ Rematadas as actuacións precedentes levantarase a Acta correspondente que asinarán tamén aqueles licitadores ou representantes deles unicamente no caso de que fixeran durante o acto algunha reclamación ou reserva nos aspectos que quedaron expresamente sinalados neste apartado 4.

15.5. Proposta de adxudicación.- Rematado o acto público e no mesmo día do acto anterior ou ben noutro designado ao efecto, a Mesa xuntarase de novo co fin de realizar a proposta de adxudicación que lle corresponde. A tal efecto, sobre a base do informe emitido polo Comité de expertos e unha vez aplicadas as fórmulas aos criterios correspondentes de acordo coa Cláusula 22ª, formulará, co resultado conxunto de todo isto, a súa proposta de adxudicación. Unha vez levantada a correspondente Acta, será elevada ao órgano de contratación, xunto co resto de Actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.



16ª. Documentación a presentar polo licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

De conformidade co art. 135.2 da LCSP, o Órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta.
- Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Resgardo acreditativo da garantía definitiva, constituído de conformidade co disposto neste prego.
- Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar escritura pública de constitución como tal

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

No suposto que haxa de terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións ás que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP e ter a vixencia indicada no artigo 16 do mesmo precepto legal.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite



que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

17ª.- Adxudicación

O órgano competente para a contratación, deberá adoptar o correspondente acordo resolutivo de adxudicación, dentro do prazo máximo de dous meses desde a data de apertura das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 145.2 da LCSP, de non adxudicarse neste prazo, os licitadores teñen o dereito da devolución ou cancelación das garantías prestadas.

Os licitadores deberán manter as súas ofertas durante o prazo de dous meses desde a apertura das mesmas.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 136.3 da LCSP e a cláusula 19 deste prego.

De conformidade co artigo 135 da LCSP, na súa redacción dada pola Lei 34/2010, de 5 de agosto, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación referida na cláusula anterior.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días

18ª.- Formalización do contrato.

O contrato que se deriva da presente licitación, se formalizará por escrito en documento administrativo na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación (artigo 140.3 da LCSP).

Actuará como representante do Consorcio quen ocupe a Presidencia do mesmo nese intre e, como representante do contratista quen así o teña acreditado no expediente, salvo presentación de novos documentos e poderes notariais que verifiquen o outorgamento desa representación a persoa distinta. Dito contrato formalizarase ante a Secretaría do Consorcio que asistirá nas súas funcións de fe pública, emitíndose tres exemplares do mesmo, coa fin da súa entrega as partes do contrato.



Os pregos de prescricións técnicas e os de cláusulas administrativas terán carácter contractual, polo que deberán ser asinados en proba de conformidade no mesmo acto de formalización do contrato.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se houbera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe de la garantía provisional.

19ª.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de valores anormais ou desproporcionados segundo se indica neste prego, de conformidade co establecido no art. 136 LCSP, será notificada esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen a valoración da oferta e as condicións da mesma consonte ao establecido no art. 136.3 LCSP, podendo solicitar a Administración o conseguinte informe técnico. Se o órgano de contratación, atendidas as xustificacións presentadas polo licitador e o/s informe solicitado, estimase finalmente que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación en favor da seguinte proposición máis vantaxosa de acordo coa orde coa que foran clasificadas.

20ª.- Adxudicación en caso de empate de licitadores.

No caso de que dúas ou máis proposicións acadaran a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación, terá preferencia para a adxudicación a empresa que tivera ofertado a mellor oferta respecto do criterio con máis puntuación e, se persistira empate, iríase aplicando esa mesma preferencia, por orde de cada un dos criterios de adxudicación (por orde de maior a menor puntuación).

21ª.- Incumprimento das condicións e nova adxudicación.

Se o licitador que tivera presentado a oferta economicamente máis vantaxosa non presentase en forma e prazo a documentación indicadas na cláusula 16ª, non será realizada a adxudicación ao seu favor, por causa imputable ao mesmo, podendo o Consorcio, efectuar unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel pola orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que isto sexa posible, neste caso, concederáselle a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar as obrigas que se establecen na cláusula 16ª.



22ª. Criterios de adxudicación, ofertas anormais ou desproporcionadas e renuncia.

1. Criterios e valoración.- Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os que de seguido se establecen, tendo en conta que a suma dos que constitúen as dúas fases nas que se compón, ascende a un máximo de 100 puntos, respectándose nese total, o mínimo a asignar á ponderación do factor prezo, na esixencia contida a estes efectos polo apartado 5 do art. 10.5 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega:

Criterios sometidos a informe do Comité de expertos (Fase II, documentación sobre “B”):

CRITERIO	PUNTUACIÓN	
Mellora nas características técnicas do vehículo sobre as mínimas contidas nas Prescricións Técnicas de acordo cos criterios reflectidos.	Vehículo-Chasis: prestacións técnicas e funcionais	De 0 ata 14 puntos
	Equipamentos e Dotacións	De 0 ata 7 puntos
	Altura de traballo e baixo rasante	De 0 ata 3 puntos
	Manobrabilidade do vehículo	De 0 ata 3 puntos
	Capacidade de carga na cesta	De 0 ata 3 puntos
	Melloras na seguridade	De 0 ata 3 puntos
	Suma do Criterio	De 0 ata 33 puntos
Outras melloras xustificadas tecnicamente sobre as técnicas do prego e valoradas economicamente		De 0 ata 10 puntos
Mellora en asistencia técnica pos- venda		De 0 ata 7 puntos
	Suma do Criterio	De 0 ata 17 puntos
	TOTAL	De 0 ata 50 puntos

Criterios calculados mediante aplicación de fórmulas (Fase III, documentación sobre “C”):

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Baixa sobre o tipo inicial de licitación (1)	De 0 ata 40 puntos
Mellora no prazo de entrega (2)	De 0 ata 7 puntos
Mellora no prazo de garantía (3)	De 0 ata 3 puntos
TOTAL	De 0 ata 50 puntos

FÓRMULAS:

(1): BAIXA NO PREZO:

Calcularase utilizando coa fórmula establecida no B.O.P. da Coruña nº 98, do 29-04-2008 e que poderá consultarse na web <http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/>:



En todo caso, os licitadores terán en conta que esta baixa calcularase incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido das súas ofertas económicas ou o que, no seu caso, fora de aplicación.

(2): MELLORA PRAZO GARANTÍA:

Calcularase tomando como base o prazo establecido no prego, outorgando ao licitador que maior prazo presente respecto daquel, o máximo da puntuación prevista, logo do cal, realizarase, cos seguintes, unha proporción directa (“regra de tres”) en función do prazo por cada un proposto.

(3): MELLORA PRAZO DE ENTREGA:

Calcularase tomando como base o prazo establecido no prego, outorgando ao licitador que menor prazo presente respecto daquel, o máximo da puntuación prevista, logo do cal, realizarase, cos seguintes, unha proporción directa (“regra de tres”) en función do prazo por cada un proposto.

2. Consideración das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.- Considerarase, en principio como ofertas con valores anormais ou desproporcionados, cando a/s oferta/s económica/s estea nalgún dos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un solo licitador, sexa inferior a súa oferta ao presuposto de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando, concorrendo solo dous licitadores, a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais respecto da outra.
3. Cando, concorrendo tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Excluirase para este cómputo a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando, concorrendo catro ou máis licitadores, as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Nembargante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

3 Renuncia.- A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do subministro, realizada en calquera fase da tramitación do expediente (antes, durante a apertura dos sobres das ofertas, na proposta da Mesa, etc.) faculta á Administración para a incautación da garantía provisional sen que haxa inconveniente ademais para a esixencia tamén de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas na LCSP. A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou ben, non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá iguais consecuencias que as indicadas anteriormente neste apartado.

IV. Execución do contrato :



23ª. Responsable do contrato.

Ao amparo do establecido polo art. 41 LCSP, o Consorcio designará á persoa responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a execución do mesmo e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada. O exercicio das facultades que corresponden ao responsable do contrato non exime ao contratista da correcta execución do obxecto daquel, salvo que as deficiencias sexan debidas a ordes directas do responsable quen, en caso ningún, poderá modificar o contrato.

O responsable do contrato e, no seu caso, os que con el colaboren, acompañados polo delegado do contratista, terán libre acceso aos lugares onde se realice o subministro.

O contratista, sen custo adicional ningún facilitará á Administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información que aquela estime necesarias para o aproveitamento e bo fin da prestación contratada.

24ª. Entrega dos bens obxecto de subministro.

1. Lugar e prazo.- O subministro obxecto do contrato será entregado no lugar designado polo Consorcio e dentro do prazo outorgado para esa fin ao contratista, estando este na obriga de notificar por escrito á Administración (sendo posible que esa comunicación estea realizada mediante Fax), o día, hora e lugar previstos para a entrega do ben obxecto do subministro cunha antelación mínima de cinco días hábiles.

2. Risco e ventura.- A entrega do subministro que regula este prego está efectuada a risco e ventura do contratista que resultara adxudicatario, quen non terá dereito a indemnización ningunha por perdas, avarías ou prexuízos que poidan ser ocasionados nos mesmos durante ou con motivo da execución, agás causa de forza maior debidamente motivada e aceptada polo Consorcio ou ben, por mora deste na recepción. Os bens entregados polo contratista deberán estar en disposición de ser inmediatamente utilizados polo Consorcio. En particular, deberán estar provistos de permiso de circulación e matriculados conforme esixe a lexislación vixente. A entrega deberá realizarse, inicialmente nun dos parques de bombeiros do Consorcio ou ben en calquera outro lugar dentro da provincia de Lugo- que sinale o Consorcio, en todo dentro do prazo contractual.

3. Acta de recepción.- De conformidade co establecido polo art. 205 LCSP deberá verificarse por persoal técnico correspondente, ao efecto facultado polo Consorcio, a idoneidade do subministro, para o que, se personará no momento da entrega daquel, de forma que constatada a sinalada idoneidade, deberá subscribirse a Acta positiva de Recepción. Na dita recepción e aos efectos do establecido polo art. 214.1.d) da Lei Reguladora das Facendas Locais (Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) acudirá o Secretario-Interventor do Consorcio. O contratista estará representado por quen ostente dita facultade no expediente. Unha vez subscrita esa Acta, comezará a contar o prazo de garantía e poderá o contratista emitir a correspondente factura.

Se o subministro non está en condición de ser recibido, deberá facerse constar este extremo na Acta de recepción (que non será positiva), dándosele ao adxudicatario as instrucións precisas para que sanee os defectos observados ou proceda á entrega dun novo subministro de conformidade co pactado, sen prexuízo da mora e consecuencias que disto puideran derivarse.



4. Custodia.- Por causas debidamente xustificadas, o Consorcio determinará que os bens obxecto do subministro continúen en depósito do contratista –e a conta, por risco e responsabilidade deste– durante un prazo máximo de seis meses a contar dende a data de formalización do contrato, polo que, se ten lugar esta circunstancia, o contratista non poderá reclamar ou esixir ao Consorcio cantidade adicional algunha por ese concepto.

5. Obxecto do subministro.- O contratista deberá entregar ao Consorcio, non unicamente o ben obxecto do subministro, senón que a recepción deste, comprende, así mesmo, a documentación, instrucións e información bastante sobre os devanditos bens, así como impartir os cursos de adestramento requiridos durante o tempo necesario, sen que iso supoña cantidade ou custo adicional algún para o Consorcio. Así mesmo, o contratista está na obriga de proporcionar ao Consorcio os manuais de funcionamento dos bens subministrados en número equivalente ao dos usuarios; dita documentación deberá estar redactada en idiomas castelán ou galego.

25ª. Gastos de transporte, almacenaxe e custodia.

Serán, en todo caso, de conta do contratista os gastos orixinados polo transporte para a entrega ao Consorcio do subministro. Así mesmo, será responsable o contratista da custodia dos subministros ata a súa entrega efectiva ao Consorcio correndo os gastos xerados por ese concepto, se os houbese, tamén da súa conta, agás que por causa imputable á Administración esta non recibira os subministros na data pactada (salvo no caso previsto pola cláusula 24.4 deste Prego).

26ª. Prazo de garantía e responsabilidade por vicios ocultos.

O prazo de garantía dos bens subministrados se establece, como mínimo nun ano, aínda que poderá ser un prazo maior en función da mellora neste aspecto presentada, no seu caso, polo adxudicatario.

O prazo será contado a partir da data da Acta de Recepción (positiva), tendo la Administración, durante ese prazo, dereito á reparación ou reposición, se fora suficiente, dos bens subministrados que presenten vicios ou defectos. Durante o prazo de garantía o contratista terá dereito a ser oído sobre a aplicación dos bens que constitúen o obxecto do subministro.

De conformidade cos arts. 88.d) e 274 LCSP, se o órgano de contratación, durante o prazo de garantía, considera que os bens subministrados non son aptos para a fin pretendida, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista e exista a presunción de que a reposición ou reparación nos bens non vai ser bastante para lograr aquela finalidade, antes de rematar o prazo de garantía, poderá rexeitar os bens deixándoos da conta do contratista e quedando o Consorcio exento da obriga de pago ou, no seu caso, tendo dereito á recuperación do prezo satisfeito.

Finalizado o prazo de garantía sen que por parte da Administración contratante se formularan reparos relativos aos bens subministrados, o contratista quedará exento de responsabilidade con relación aos mesmos.

27ª. Obrigas laborais, sociais e económicas do contratista.

O persoal adscrito ao subministro dependerá exclusivamente do contratista, quen terá todos os



dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empresario respecto daquel.

O contratista responderá de cantas obrigas lle veñan impostas polo seu carácter de empregador, así como do cumprimento da totalidade das normas que regulan a relación laboral ou doutro tipo, existente entre aquel ou entre os seus subcontratistas, e os traballadores dun e doutro, sen que poida repercutir contra a Administración contratante multa ningunha, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que, por incumprimento dalgunha delas, puideran impoñerlle os Organismos competentes.

En calquera caso, o contratista indemnizará á Administración contratante de toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas neste prego, aínda que isto lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

Corresponderá e será de cargo do contratista:

- a) A obtención das autorizacións e licenzas, documentos ou calquera información tanto oficiais como particulares que sexan requiridas para a realización do subministro.
- b) Os gastos de comprobación de materiais, vixilancia do proceso de fabricación, se procede e os de materiais, persoal, transporte, entregas e retirada dos bens ata o lugar e destino convindo, montaxe, posta en funcionamento o uso e posterior asistencia técnica dos bens durante o prazo de garantía, así como calquera outro gasto a que houbera lugar para a correcta execución do contrato, incluídos os fiscais.
- c) A indemnización dos danos que poidan causarse á Administración contratante ou a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a correcta execución do contrato, salvo si eses prexuízos estiveran causados por unha orde directa e inmediata da dita Administración.
- d) Toda reclamación relativa á propiedade industrial, intelectual ou comercial dos materiais, procedementos e equipos utilizados na fabricación do subministro e ao seu acabado final, debendo indemnizar á Administración dos danos e prexuízos que para a mesma puideran derivarse da interposición de reclamacións, incluídos os gastos derivados dos que eventualmente puideran dirixirse contra a mesma.
- e) O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como o que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato se fora preciso.

28ª. Dereitos do contratista.

1. Dereito ao pago.- Dereito ao pago do subministro entregado de acordo ás cláusulas do presente prego, dentro do termino máximo de dous meses a contar dende a subscrición da Acta de recepción positiva e achega da correspondente factura.

2. Dereito ao incremento sobre o pago por demora deste.- Dereito a cobrar os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

3. Dereito á suspensión do cumprimento do contrato.- No suposto de que a demora no pago fora superior aos catro meses, o contratista poderá proceder á suspensión do cumprimento do contrato debendo comunicarlle á Administración esta circunstancia cun mes de antelación aos efectos do recoñecemento dos dereitos que se poidan derivar da suspensión nos termos establecidos na LCSP.



4. Resolución do contrato e danos e prexuízos.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento de los prexuízos que foran orixinados ao contratista en caso de demora da Administración no pago, se este superase o prazo dos oito meses.

5. Transmisión dos dereitos de cobro.- Unha vez adquirido o dereito de cobro fronte a Administración de conformidade co disposto neste prego, o contratista terá dereito a súa transmisión nos termos establecidos polo art. 201 LCSP, para a plena efectividade da cesión deberá estar expresa, formal e fidedignamente notificada ao Consorcio quen, tomada razón daquela, xirará, desde ese momento, os mandamentos de pago en favor do cesionario, de tal xeito que os anteriores a esta sen dita comunicación fidedigna aínda que xa existira acordo de cesión, xurdirán efectos liberatorios para o Consorcio.

29ª. Pago do prezo do contrato.

O pago do subministro realizarase dunha sola vez e contra os créditos orzamentarios previstos para esa fin e, en todo caso, unha vez verificados os extremos seguintes:

1. A efectiva entrega do subministro mediante a incorporación ao expediente da Acta de Recepción positiva.
2. A entrega no Consorcio da correspondente factura emitida polo contratista, consonte ao establecido polo Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, debendo constar, en todo caso e en partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido así como o tipo aplicado.
3. O informe favorable do Consorcio, propoñendo o pago.
4. A aprobación da factura pola Presidencia do Consorcio.

Toda vez que os prezos de oferta e adjudicación deben realizarse conforme ás cláusulas deste prego, o contratista non poderá esixir ao Consorcio, en caso ningún, pago de cantidade algunha por conceptos tales como gastos de transporte, almacenaxe, embalaxe, instalación, montaxe, seguros, matriculación, homologación, melloras ou cambios nestas e calquera outros **xa comprendidos no prezo do contrato.**

30ª. Prazo de execución do contrato e penalidades Administrativas.

1. Prazo único e cumprimento.- O contratista queda obrigado ao cumprimento do contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización tendo en conta que non existen prazos parciais.

2. Mora do contratista.- A constitución en mora polo contratista non precisará intimación previa por parte da Administración contratante. A imposición das penalidades consecuentes con ese atraso serán aplicadas automaticamente polo órgano de contratación. Se chegado o termino do prazo de entrega o contratista incorrera en mora por causas imputables ao mesmo, a Administración poderá optar, indistintamente, na forma e condicións establecidas polo art. 196 LCSP, pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou pola imposición das penalidades establecidas no citado artigo.

O importe das penalidades non exclúe a indemnización a que a Administración contratante puidera ter dereito polos danos e prexuízos orixinados pola demora do contratista.

Caso de que o atraso fora por motivos non imputables ao contratista estarase ao disposto polo



art. 197.2 LCSP.

31ª. Devolución e cancelación da garantía definitiva.

De acordo co establecido polo art. 90 LCSP, transcorrido o prazo de garantía pola xerencia emitírase un informe da inexistencia de responsabilidades por parte do contratista proponendo a devolución da garantía constituída ou cancelación do o aval ou seguro de caución.

O acto que resolva sobre dita devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía. Transcorrido dito prazo a Administración deberá abonar ao contratista a cantidade adebedada incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se tivera feito efectiva por causa imputable á Administración.

Transcorridos seis meses dende a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivera lugar por causa non imputable ao contratista, procederase, sen mais demora, á devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades ás que fai referencia o art. 88 LCSP.

32ª. Causas e efectos da resolución do contrato.

Son causas que determinan a resolución do contrato as sinaladas con carácter xeral para a resolución dos contratos administrativos no art. 206 LCSP asemade se aplicará o disposto sobre as causas específicas de resolución dos contratos de subministro segundo ven establecido no art. 275 LCSP en todo caso, cos efectos previstos nos arts. 208 e 276 LCSP e 109 a 113 RXLCAP.

Lugo a 24 de setembro de 2010
O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo.- José Antonio Mourelle Cillero





ANEXO I

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO VEHÍCULO DE RESCATE EN ALTURA (32 m)

PRIMEIRA.- NORMA XERAL

A unidade e o seu equipamento deberán cumprir, ademais das especificacións do presente prego, as leis que lle foran de aplicación no Estado español e os requisitos mínimos e características técnicas específicas das normativas e lexislacións vixentes que se citan a continuación, ou se citarán en lugares apropiados neste prego técnico.

SEGUNDA.- NORMATIVA A CUMPRIMENTAR

2.1. A unidade como vehículo contra incendios:

prEN 14043, vehículos e equipamento de autoescaleiras contra incendios.

UNE 23-900 de 1983, vehículos contra incendios e salvamento. Especificacións comúns.

UNE 23-901 de 1983, vehículos contra incendios e salvamento.

UNE-EN 1846-1, vehículos contra incendios e servizos de rescate

Parte 1: Nomenclatura e designación

2.2. A unidade como vehículo:

Directivas 70/156 CEE e 98/14 CE, Homologación de vehículos

Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1988, do 23 de decembro.

2.3. A unidade como máquina :

EN 292:1991 Seguridade de Maquinaria. Conceptos básicos e principios xerais

Parte 1: Terminoloxía básica e metodoloxía.

Parte 2: Principios técnicos e especificacións.

1. normas de maquinaria 98/37/EG

2. normas de voltaxe baixo 73/23/EWG modificado por 93/68/EWG

3. esixencias básicas segundo norma EMV 93/336/EWG

EN 349:1993 Seguridade de Maquinaria. Ocos mínimos para evitar aplastar partes do corpo humano.

EN 414:1992 Normas de seguridade e presentación no deseño

EN 418:1992 Equipo de parada de emerxencia.

EN 1495:1997 Mastros (mástiles) elevadores das plataformas de traballo

EN 60204:1992 Equipo eléctrico de Maquinas Industriais

Parte 1: Requisitos xerais.

EN 60529:1991 Requisitos xerais para o equipo eléctrico

Clasificación dos distintos niveis de protección

EN 60947:1991 Mandos baixo control

Parte 51: Dispositivos do circuíto de control e conexión de elementos



ISO 2408:1985 Características das sirgas de arame de aceiro
ISO 4301:1980 Clasificación dos aparatos de alzado
ISO 4302:1981 Valoración das cargas do vento sobre os guindastres.
ISO 4305:1981 Determinación da estabilidade nos guindastres móbiles.
ISO 4309:1981 Sirgas de arame de aceiro para alzar aparatos.

Código de prácticas para o seu exame e rexeitamento.

2.4. Outras normativas e lexislacións:

- Real decreto 1495/1986, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de seguridade nas máquinas.
- Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, polo que se dictan as disposicións de aplicación da directiva do consello 89/392/CEE, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre máquinas.
- Real decreto 56/1995, do 20 de xaneiro de modificación do RD 1435/1992.
- Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, de 12 de decembro.

TERCEIRA.- DESCRICIÓN

Este vehículo deberá servir como vehículo de rescate e salvamento en altura, así como de plataforma de traballo en alturas de 32 m como mínimo. Estará constituído por un conxunto de tramos, extensibles ou despregables, de accionamento hidráulico, sobre unha base xiratoria montada sobre vehículo de propulsión propia.

Disporá de sistemas que permitan as manobras de elevación, despregue, e xiro do equipo de altura con control automático. No extremo do equipo de altura levará instalada unha cesta desmontable, para facilitar as tarefas de extinción de incendios e salvamento en alturas, cunha carga de 270 Kg.

As características do vehículo base, referentes á circulación, comportamento en ruta e espazo para a tripulación serán as propias dun vehículo contra incendios e ademais das condicións técnicas seguintes deberá axustarse á NORMA UNE 23.900/83; e en canto a terminoloxía e definicións industriais á NORMA CEE (vixente no momento da entrega do vehículo) no que a emisión de gases se refire.

Corresponde este prego de condicións técnicas á memoria básica de construción dun vehículo de rescate e salvamento en altura automático de 32 m de altura mínima, respondendo ás normas:

- DIN EN 292, Parte 1 e 2, Seguridade de Máquinas
- DIN EN 294, Seguridade de Máquinas
- E DIN EN 614-1, Seguridade de Máquinas-Ergonomía
- E DIN EN 982 Requisitos de Seguridade Técnica nas instalacións e nas pezas técnico-hidráulicas



- E DIN EN 60204, Parte 1 Equipamento eléctrico das Máquinas
- E DIN EN 1037, Separación da entrada de enerxía e suspensión de enerxía
- E DIN EN 1050 Análise de riscos

Así mesmo, presentárase certificado de calidade de acordo coa normativa internacional ISO 9001:2000.

Serán admitidos como mellora vehículos de rescate e salvamento de altura superior que cumpran coa normativa vixente, tanto en especificacións industriais, técnicas, así como no referente a emisión de gases.

O material proposto deberá estar homologado no país emisor da proposición, e á oferta acompañará obrigatoriamente unha copia do certificado que acredite a conformidade do material ofertado así como copias dos certificados CE e CEN.

Todos aqueles elementos ou características descritivas non especificadas neste prego de características técnicas ateranse ás normas UNE correspondentes e no seu defecto as normas DIN ou EN+ que regulan as condicións deste tipo de vehículos.

CUARTA.- CONDICIÓN TÉCNICAS

A unidade referida cumprirá as seguintes condicións técnicas:

1. Autobastidor
2. Conxunto de elevación
3. Instalacións técnicas
4. Rodas
5. Pintura
6. Dotación mínima
7. Rotulación

1. AUTOBASTIDOR:

Será de tipo tracción 4x2

1.1 Prestacións do vehículo:

Tipo EURO V F (F=especial bombeiros)

A relación potencia masa será de 18 CV/Tm, como mínimo.

A velocidade do vehículo cargado en orde de marcha será, como mínimo, de 90 Km/h.

Será capaz de superar pendentes do 30%.

Motor.-O motor será un diesel de catro tempos, sobrealimentado e cunha potencia mínima de 250 CV.

Caixa de velocidades.- Estará dotado dunha caixa de velocidades de accionamento manual sincronizado, cun máximo de seis velocidades cara adiante e unha marcha atrás con sinal óptica e acústica de “marcha atrás conectada”. Podendo ofertarse como mellora un vehículo automático.

Toma de forza.- O tipo e relación será definida polo construtor tendo o mando de conexión na cabina, dispoño de indicador de conexión, óptico e acústico na cabina.

1.2 Bastidor:



O conxunto estará calculado e dimensionado para poder transportar as cargas máximas fixadas polo fabricante, sen sobrepasar en ningún instante os valores límites establecidos.

Non serán admitidos aqueles bastidores que sufriran cortes, soldaduras, taladro, etc. si non foron realizados de acordo coas normas fixadas pola firma construtora do chasis.

1.3 Suspensión:

Dianteira e traseira por béstas semielípticas, amortiguadores telescópicos en ambas e barra estabilizadora.

Valorarase positivamente que dispoña de amortiguación pneumática.

1.4 Dirección:

Será servo asistida por accionamento manual.

1.5 Carrozaría:

Comporase das seguintes partes:

- Cabina
- Plataforma de base
- Armarios para material
- Soportería
- Sinalización de contornos de plataforma

1.5.1 Cabina:

Construída con armadura de perfís de aceiro, forrada con chapa de aceiro e revestimento interior antiacústico.

A suxeición ó bastidor será a través de puntos elásticos que non transmitan as vibracións do mesmo.

Será tipo simple, apta para condutor e dous acompañantes.

Levará estribos de acceso a menos de cincuenta centímetros do chan.

Xogos de espellos completos e visión de bordo dereito.

Serea acústica de emerxencia tipo pneumático bitono accionada por compresor eléctrico.

Na súa parte superior instalaranse dúas luces de prioridade, cor amarela ou azul.

No interior da cabina levará plafón de iluminación interior e luz de lectura de planos na parte dereita do salpicadeiro.

Nos respaldos dos asentos dos acompañantes irán, debidamente soportados, dous equipos completos de respiración autónoma. Ditos equipos cumprarán con tódalas normativas e regulamentos.

Contará ademais do equipamento de serie cos seguintes elementos de medición e control:

- Contador de horas de funcionamento de Equipo de Altura
- Testigo de conexión de toma de forza (óptico e acústico)
- Testigo de armarios abertos

1.5.2 Plataforma:

A estrutura base da plataforma estará fabricada con perfís de aluminio aparafusado e panelizado con chapa do mesmo material.

Dita plataforma será accesible dende terra por ambos lados do vehículo, dispoñendo de dous accesos en cada lado, de material antiesvaramento, que permita o acceso ó posto



de mando en calquera ángulo de rotación do equipo de altura e con iluminación en todos eles.

Tódolos puntos importantes de engraxe, inspección e control tanto do vehículo como do conxunto de elevación (eléctrico, hidráulico, mecánico) estarán perfectamente asequibles para o seu mantemento.

1.5.3 Armarios para o material:

Na dita plataforma construíranse dous armarios en cada lateral para o material auxiliar do equipo de altura. Os seus cerramentos serán mediante persianas compensadas en lamas de aluminio, estancas ó po e á auga. Adicionalmente contará cun armario de grandes dimensións ubicado trala cabina con acceso dende ambos laterais pechado mediante persianas compensadas de aluminio.

1.5.4 Soportería:

Dentro dos compartimentos disporá de suxeicións idóneas para cada elemento da dotación de material, de tal forma que queden firmemente asegurados no orde da marcha.

1.5.5. Sinalización de prioridade e contornos de plataforma:

Instalarase un equipo acústico de prioridade consistente en serena de alarma de son contínuo con temporizador e un mínimo de 95 dB, medidos a 30 m. arredor do vehículo. Disporá de trompetas bitono segundo normativa DIN 14610.

Tres balizas xiratorias (dúas diante e unha detrás), situadas no teito do vehículo.

Dous focos estroboscópicos na fronte da cabina.

Bandas laterais reflectantes

Perfis e cintas de balizamento de plataforma antiesvarantes

Así mesmo disporá dun sistema de balizamento para a sinalización da unidade en situación de traballo

1.6 Dispositivo de remolque:

O vehículo levará instalados dispositivos de remolque diante e detrás con grillóns ancorados ós perfís resistentes do chasis cunha forza de elevación e arrastre superior á carga máxima do vehículo.

1.7 Cabrestante:

O vehículo estará equipado cun cabrestante na parte dianteira cunha potencia de tracción mínima de 4,5 Tm., de accionamento eléctrico ou hidráulico.

1.8 Freos:

Provisto de tres sistemas de freado (servizo, estacionamento e emerxencia). Valoraranse positivamente outros sistemas de freado como ABS, ASR, etc. Así como que os primeiros sexan de disco.

1.9 Instalación eléctrica:

Será de 24 voltios.

Incorporarase á unidade un equipo de saída rápida provisto de dous convertedores de 24 a 12 voltios.



2. CONXUNTO DE ELEVACIÓN

O CONXUNTO DE ELEVACIÓN COMPONSE DE:

- Sistema de estabilización e apoio
- Torre xiratoria
- Mecanismo de accionamento e control
- Equipo de altura de varios tramos
- Cesta de salvamento e rescate
- Dispositivos de seguridade
- Columna seca

2.1 Sistema de estabilización e apoio:

Permitirá as manobras de emprazamento, estabilización e uso do vehículo de altura, en terreo irregular, firme ou esvaradío (xeo, neve, barro, etc.), no menor tempo posible e sen necesidade de estabilización do chasis autobastidor. Integrará os seguintes elementos:

O sistema de estabilización será do tipo “H” ou “X”.

Sistema de bloqueo do sistema de béstas por cilindros hidráulicos autorregulables de forma automática.

Catro apoios de estabilización de accionamiento hidráulico de extensión e elevación. Tódolos circuitos hidráulicos estarán protexidos, incluíndo un dispositivo de tope mecánico que soporte os elementos de flexión dos apoios en situación de estabilización en plano inclinado.

Valorarase o sistema de estabilización con dispositivo de bloqueo total do eixe traseiro e a medición das cargas soportadas no prato dos gatos para que o peso se reparta de forma precisa sobre cada apoio sen oscilacións nin variacións pola flexibilidade das rodas. Facilitarase diagrama de cargas e reparto das mesmas, mostrando carga con punto de apoio.

O ancho de apoio do conxunto será o adecuado para ofrecer o máximo campo de traballo.

Valoraranse os apoios que compensen maiores nivelacións de terreo en todas direccións e se poda nivelar e desnivelar a unidade.

2.2 Torre xiratoria:

Permitirá xiro horizontal do equipo de altura, 360 graos sen fin.

O conxunto do equipo de altura permitirá a inclinación desta por debaixo da horizontal como mínimo de -20° en total e unha elevación mínima efectiva de +75°.

O conxunto do equipo de altura corraxirá automaticamente desniveis de ata 11° como mínimo ó longo dos 360° de xiro, garantindo tódalas prestacións.

Levará dispositivo de cancelación de nivelación automática para a realización de operacións de aproximación en altura.

2.3 Mecanismos de accionamento e control:

O posto de mando da escaleira será facilmente accesible polo usuario, permitindo unha visibilidade óptima do campo de traballo en tódolos ángulos de elevación ou rotación.

Incorporará pantalla analóxica e indicador de carga, alcance, graos e longo do equipo de altura, situación da cesta para as distintas situacións de carga, carga na escaleira e reserva de carga. Contará tamén con un DISPLAY (á cor) onde se detallan as posibles anomalías (en español ou en galego). Así mesmo facilitará información sobre a reserva de carga (número de persoas), de forma que o operador coñeza os alcances a priori, trala estabilización.



Levará mecanismo de intercomunicación entre o extremo superior da punta do equipo de altura en cesta e o posto de mando central. Será do tipo transmisor receptor, permitindo a comunicación en tódalas posicións posibles do equipo de altura.

En caso de manobras de emerxencia, tódalas operacións poderanse realizar dende o mesmo posto central, sen necesidade de que o operario se mova do seu posto.

2.4 Equipo de rescate en altura:

Estará composta por un conxunto de tramos, para unha altura mínima de 32 m, fabricados con material de primeira calidade, altamente resistente á flexión e á torsión cun alto coeficiente de seguridade, para o que se xuntará certificado emitido polo fabricante.

Os distintos tramos ensamblaranse mediante rodets ou similar que permitan realizar as manobras có mínimo rozamento.

Cada un dos chanzos irá recuberto dun material antideslizante e illante, facilmente substituíble.

Toda a estrutura, despois dun tratamento anticorrosivo e mariño, levará unha imprimación base, dúas mans e acabado final, con aportación total 220 μ .

No extremo superior do último tramo estará ubicado o dispositivo de fixación da cesta, conexións de

instalacións eléctricas (mínimo 3 enchufes en cesta de 220 V e unha de 380 V) e o transmisor receptor.

No extremo do equipo de altura disporase de argolas para amarre de cordas, dispositivo para suxeitar unha lanza monitora e gancho de suspensión.

Así mesmo disporá de escaleiriña para subir o tramo e soporte para suxeitar a escaleiriña pregada durante a marcha.

Tramos do equipo de altura:

O equipo estará construído de varios tramos.

A extensión e recollida de tódolos tramos realizarase por medio de rodets, de extensión e recollida dobres, hidráulicamente e cables compensadores.

Os tramos manterán unha altura de protección lateral uniforme que no tránsito dun tramo a outro no descenso non implique saltos na liña de pasamáns dos tramos, en movemento.

A coincidencia de chanzos farase automaticamente por medio de mando e indicador de coincidencia no taboleiro de control.

2.5 Cesta de salvamento e rescate:

Fabricada en aluminio, irá montada no último tramo de forma permanente, con posibilidade de desmontaxe en caso de necesidade. O sistema de montaxe será simple, de tal forma que dous bombeiros poidan manipulala sen dificultade e con rapidez.

A súa fixación ós tramos realizarase en dous puntos en cada lado.

Basculará automaticamente a súa posición de traballo e nivelarse automaticamente de forma que a base da plataforma se manteña horizontal permanentemente.

Terá unha capacidade de carga de 270 Kg., máis carga adicional.

Terá unha superficie útil superior a 0,90 m² con portas provistas de peche de seguridade. Disporá de accesos laterais e un na parte dianteira. Este irá provisto dunha escaleiriña abatible para acceso a cesta e pola súa parte traseira o paso de cesta a tramos e viceversa deberá ser en chan.



Disporá de soportes para a utilización de determinados accesorios en salvamentos, extinción de incendios, iluminación, etc., sen que isto supoña unha merma de espazo no seu interior. Disporá de mecanismo de emerxencia de accionamento manual en caso de fallo do subministro eléctrico, valoraranse as ofertas que dispoñan de mando de emerxencia no posto de mando central para a nivelación da cesta en tódalas situacións.

2.6 Dispositivos de seguridade:

O equipo de altura disporá, ó menos, dos seguintes dispositivos de seguridade:

- Bloqueo de suspensión de eixe traseiro por sistema hidráulico-automático
- Bloqueo da escaleira en posición de marcha
- Paro automático de fin de carreira
- Dispositivo antienvorcamento
- Dispositivo axuste lateral
- Dispositivo retorno dos mandos
- Dispositivo des en caso de rotura de latiguillos ou tubos de circuíto hidráulico.
- Dispositivo de choque e indicador de carga
- Dispositivo protección de cabina

2.6.1 Bloqueo de suspensión de eixo traseiro

Como se indicou anteriormente o vehículo contará cun sistema automático de bloqueo da suspensión de eixe traseiro, en tódalas direccións, de forma que este quede solidario e rixidamente unido ó chasis e que permita repartir a carga sobre cada gato de forma uniforme e o mesmo tempo evitar a flexibilidade das rodas traseiras.

2.6.2 Bloqueo do equipo de altura en posición de marcha do vehículo

O vehículo contará cun sistema de bloqueo do equipo de altura que evite que poida manexarse co vehículo en marcha. Este sistema desbloquearase automaticamente unha vez despregados os soportes de apoio e estes non poderán á súa vez retrotraerse mentres o equipo de altura estea en funcionamento.

2.6.3 Sistema de paro automático de fin de carreira

Ó final de calquera movemento o paro efectuarase automaticamente. Pouco antes de chegar ao punto final, os movementos ralentizaranse de forma automática, ata a parada completa.

2.6.4 Dispositivo antienvorcamento

Ó alcanzarse os límites admisibles de carga ou inclinación, automaticamente interrompirase o funcionamento do equipo de altura, ademais de activarse o indicador correspondente, óptico-acústico, no taboleiro de mandos.

2.6.5 Dispositivo de axuste de inclinación lateral

Co obxecto de compensar calquera inclinación nos apoios, deberá poder inclinarse lateralmente, respecto o seu eixe, o equipo de altura tanto a dereitas como a esquerdas nun mínimo de 7º graos. A volta á posición de inclinación 0º graos farase automaticamente ó pregarse.



2.6.6 Dispositivo de retorno de mandos

No caso de producirse unha anulación de presión de aceite nos circuítos, estando a escaleira en funcionamento, os mandos retornarán automaticamente á posición de movemento desconectado.

2.6.7 Dispositivos de seguridade de rotura de conducións

No caso de rotura de conducións e para evitar movementos do equipo de altura, esta deberá levar:

- Engranaxes de autorretención no xiro, extensión e recollida.
- Válvulas de bloqueo que impidan a saída de aceite nos cilindros de elevación e inclinación.

2.6.8 Dispositivo de choque

Actuará de tal maneira que en caso de choque do equipo de altura contra un obstáculo, bloquearanse tódolos movementos e entrarán en acción válvulas que eviten sobrepresións nos circuítos hidráulicos. Dito bloqueo realizarase no momento de extensión, recollida, movemento lateral e apoio.

2.6.9 Dispositivo de axuste de velocidade de movementos

O operario a través de dispositivo eléctrico situado na cesta poderá regular a velocidade do movemento e ralentización por accionamento dos controis situados na cesta.

2.7 Instalación de columna seca:

Instalarase unha columna seca para alimentación do monitor. Dita instalación irá fixada de forma que non impida ningún movemento da escaleira nin o tránsito de persoas pola mesma.

3.- INSTALACIÓNS TÉCNICAS

Con carácter xeral axustaranse ás seguintes:

- Iluminación
- Balizamento
- Intercomunicación na punta de traballo
- Padiola para rescates
- Lanza monitor
- Xerador portátil de corrente eléctrica
- Comunicaci3ns

3.1 Iluminaci3n:

Un foco orientable, ubicado no extremo do último tramo do equipo de altura e manobrabable dende o interior da cesta, se esta se encontra instalada. Este foco poderá ser substituído por outro de gran potencia instalado no vehículo cun soporte na parte exterior.

Dous focos integrados no frontal da cesta, antirreflectantes, para alumeamento de fachadas.

Instalaci3n eléctrica para poder montar na punta do equipo de altura ou na cesta, dous focos de 1000 W (2 x 1000 W), alimentados con corrente procedente dunha fonte exterior ou dun xerador complementario.



3.2 Balizamento:

Ademais da sinalización de prioridade disporá dun sistema de balizamento para a sinalización da unidade, emprazada en situacións de traballo.

Este sistema está constituído por luces de parada de emerxencia e outras catro das mesmas características, situadas na parte máis saínte dos estabilizadores. O sistema conectarase automaticamente no momento de iniciar a manobra de emprazamento (funcionamento intermitente).

3.3 Intercomunicador na punta de traballo:

Disporá dun sistema de intercomunicación entre o operador do extremo superior do último tramo ou da cesta e da base indistintamente.

A unidade situada na punta da escaleira será de tipo intemperie.

Transmisor-receptor de funcionamento permanente mentres estea en funcionamento o equipo de altura.

O receptor será de tipo autofalante.

3.4 Padiola para rescates:

Portátil de tipo pregable, irá colocada en soporte estándar da cesta de maneira que quede espazo para a dotación e que como mínimo dúas persoas poidan atender ás vítimas mentres se realiza o descenso ou a evacuación coa propia cesta. O anclaxe para soporte de padiola ubicarase en dous puntos da cesta que permita a máxima efectividade e seguridade na evacuación dos feridos, permitindo a máxima aproximación da cesta á fachada.

Entregarase debidamente soportada en armario.

3.5 Lanza monitor:

Poderá instalarse na cesta de salvamento. Dará un caudal mínimo de 1.600 l. e 8 Bar de presión, cunha válvula de peche progresiva, non instantánea, a fin de evitar golpes de ariete. Cubrirá un campo mínimo de 60° en plano vertical do equipo de altura e 90° en plano horizontal.

Unha manguera de 70 m/m de diámetro, e 35 m. de lonxitude dunha soa peza, racor Barcelona.

3.6 Xerador portátil de corrente eléctrica

Dunha potencia, mínima, de 5 KVA. A súa colocación estará adecuadamente protexida e con liña de corrente ata a cesta. Manobrable por unha soa persoa. Poderá funcionar ininterrompidamente nesta posición.

3.7 Comunicacións

3.7.1 Instalación de radiofonía



O vehículo virá equipado cun terminal de comunicacións móbiles da Rede Trunking da Xunta de Galicia, con GPS incorporado para o envío automático de datos pola Rede Trunking a unha base remota, con conectores e interfaces necesarios para a súa conexión o transceptor. Así mesmo, actuando sobre un pulsador, conmutarán a canles de radio convencionais para permitir a súa operación noutras redes de radiotelefonía móbil, en modo simples ou semiduplex, PTT, abertas ou dotadas de subtonos CTCSS programables na frecuencia que se indique por parte da autoridade competente.

Características xerais:

Con certificado de aceptación radioeléctrica.

Para operación en modo "trunking", segundo estándares MPT13XX (MPT1327 e MPT1343).

Banda de frecuencias de 146 a 174 MHz.

Marxes de traballo entre -10 e 60° C cunha precisión mellor de 7 P.M.M.

Alimentación de enerxía a través da batería do vehículo de 12 V.

Altofalante exterior e display alfanumérico con luz.

Facilidades para a marcación directa por teclado das extensións, e memorias de almacenamento de canais convencionais.

Facilidades para a programación de chamadas individuais, de grupo, de frota de emerxencia e para a transmisión de mensaxes de status.

Micrófono con pulsador PTT.

Incorporará un altofalante exterior para unha potencia de saída mínima de 1 W.

Calquera outro elemento físico ou programa necesarios para a correcta instalación e para garanti-lo funcionamento do equipo.

Transmisor:

Potencia igual ou superior a 25 W.

Modulación 8K50F3E, con desviación máxima de frecuencia de 2,5 KHz.

Radiacións non esenciais inferiores a 0,25 W.

Radiacións espurias inferiores a -60 dB.

Nivel de ruído de modulación en FM mellor que -40 dB.

Distorsión de modulación inferior ó 5% en condicións normais.

Receptor:

Superheterodino con dobre conversión de frecuencia.

Sensibilidade mellor que 0,35 mV para 12 dB de SINAD.

Silenciador axustable.

Selectividade mellor que 60 dB para o canle adxacente, adecuada ó modo de traballo 8K50F3E.

Relación de protección contra intermodulacións no receptor, mellor que 70 dB.

Antena de móbil coas seguintes características:

Banda de traballo entre 146 e 174 MHz.

Polarización vertical sen radiais.

Diagrama de radiación omnidireccional.

Lineal de lonxitude 1/4.

R.O.E. mellor que 1,5:1 na banda de traballo.

Impedancia de 50 ohmios

Potencia máxima igual ou superior a 50 W.

Conexión ó transceptor do equipo móbil mediante cable RG-58.

Así mesmo, o vehículo estará equipado cunha emisora convencional de iguais características que as que veñen utilizando os parques do Consorcio. Isto é:



- Radioteléfono móbil:

O radioteléfono será un transceptor sintetizado de FM na banda alta de VHF, controlado por microprocesador, con selectividade por subtono e programable externamente. Proporcionará toda a información necesaria sobre o estado do equipo e o proceso en curso. Irá dotado de altofalante externo de 5 vatios de potencia mínima de audio e de micrófono de man. Valorarase positivamente tódolos estándares cumpridos polo equipo en canto a resistencia a impactos, vibración, temperatura, presión, choiva, ... así como todos aqueles aspectos que melloren o audio e a operatividade e funcionalidade do equipo móbil. As características mínimas do radioteléfono serán as seguintes:

- Transmisión: potencia de RF regulable entre 1 e 25 vatios, alimentación de 13,2 Vdc, estanquidade mínima IP54, límite de modulación $\pm 2,5$ kHz, illamento de canal adxacente de 55 dB, distorsión de modulación menor do 5% para 1 kHz.
- Recepción: sensibilidade de 0,45 uV, selectividade de canal adxacente de 60 dB, distorsión de audio menor do 3% a 1 kHz.

- Antena exterior:

Antena exterior con cable tipo RG58 e conector BNC ou N para conexión a emisora móbil.

- Convertedor de tensión:

Convertedor de tensión para vehículos de 24 Vdc para xerar 12 Vdc. Deberá ser capaz de xerar unha corrente de saída continua de 10 Amperios sen producir unha redución na tensión de saída.

Inclúe a instalación, axuste e probas de funcionamento no vehículo que oportunamente se indiquen, sendo por conta do adxudicatario os cables e conectores necesarios para a instalación dos equipos, así como a súa programación na Rede Trunking da Xunta de Galicia.

3.7.2 Instalación dun dispositivo de kit “mans libres” para telefonía móbil GSM.

3.7.3 Instalación e configuración dun dispositivo PDA con soporte e cargador, segundo especificacións e características establecidas polos protocolos de comunicacións de mobilidade do CAE112-Galicia da Axencia Galega de Emerxencias, para a conectividade permanente co 112 dende o propio lugar da intervención.

4.- RODAS

Do tipo adecuado para soportar as cargas, esforzos e abrasións que se poidan producir. As dianteiras serán sinxelas e as traseiras dobres. Contará ademais con roda de reposto, debidamente anclada, de iguais características cas anteriores.

5.- PINTURA

Os procesos de pintura rexeranse polas normas UNE 23900 e UNE 48103

As pezas ou superficies que precisen pintar, recibirán o seguinte tratamento:

- Superficies de aceiro Desengraxado, unha capa de imprimación e dúas capas de acabado de pintura.



- Superficies de aluminio Limpeza e desengraxado, unha capa de imprimación especial e dúas capas de pintura.

Chasis	Negro brillante B.112
Superestrutura	Vermello brillante B.203
Cabina e carrozaría	Vermello brillante B.203
Xogo de tramos escaleira	Orixinal fabricante
Interior compartimentos para equipos	Gris medio, mate M.107
Interior cabina.....	Revestimento cor orixinal
Paso de rodas	Branco brillante B.119
Parachoques	Branco brillante B.119
Portas	Branco brillante B.119
Persianas	Cor orixinal

6.- DOTACIÓN MÍNIMA

Ademais dos accesorios e ferramentas propias do vehículo, servidos polo fabricante do autobastidor, a unidade entregarase dotada co seguinte material mínimo :

- ✓ 1 Roda de reposto
- ✓ 1 Xogo de lámpadas e fusibles
- ✓ 2 Lanternas recargables, antideflagrantes, sobre cargador. Instaladas en cabina
- ✓ Xogo de ferramentas básicas
- ✓ 2 Cuñas para calzo de rodas
- ✓ 2 Triángulos de sinalización de perigo (pregables)
- ✓ 1 Xogo de correas trapezoidais
- ✓ 1 Gato hidráulico
- ✓ 1 Chave de rodas
- ✓ 2 Palancas de aceiro de 1,50 m de longo.
- ✓ 1 Cizalla cortavarillas
- ✓ 2 Eslingas (1 de, mínimo, 5 m e 10 Tm e outra de, alomenos, 10 m e 5 Tm)
- ✓ 2 Cables de aceiro de 20 mm. de diámetro e 5,00 mts. de longo, gardacabos en ambos extremos e ganchos de seguridade
- ✓ 4 Garrafas de escumóxeno AFFF de 20 L.
- ✓ 4 Garrafas de Escumóxeno media/alta de 20 L.
- ✓ 2 Sinais de pé, reflectantes co signo de admiración e perigo BOMBEIROS (pregables)
- ✓ 2 Extintores de CO₂
- ✓ 2 Extintores de po ABC
- ✓ 1 Botiquín de primeiros auxilios, totalmente equipado
- ✓ 1 Xogo de férulas inflables
- ✓ 1 Xogo de collaríns
- ✓ 1 Inmobilizador de columna
- ✓ 1 Faro orientable de 24 v
- ✓ 1 Xerador eléctrico
- ✓ 2 Contedores de combustible con dosificador e envasador
- ✓ 1 Trípode
- ✓ 2 Focos de iluminación de 1000 W
- ✓ 1 Carrete de cable trifásico de 35 m.
- ✓ 1 Porta paiolas xiratorio
- ✓ 1 Lanza monitor



- ✓ 2 Mangueira de 70 mm. de diámetro y 20 m. de longo, con racores Storz.
- ✓ 1 Caixa de ferramentas co seguinte contido, de marca e calidade de recoñecido prestixio:
 - 1 chave stillson mediana
 - 1 chave stillson grande
 - 1 xogo de chaves planas. 6/7 a 30/32
 - 1 xogo de chaves estrela. 6/7 a 30/32
 - 1 xogo de chaves tubo. 6/7 a 30/32
 - 1 martelo de bola.
 - 1 serra para metais.
 - 1 chave inglesa grande.
 - 1 chave inglesa pequena.
 - 1 chave de mordazas.
 - 1 alicata normal.
 - 1 alicata de puntas.
 - 1 desparafusador grande plano.
 - 1 desparafusador pequeno plano.
 - 1 desparafusador grande estrela.
 - 1 desparafusador pequeno estrela.
 - 1 martelo de presas.
 - 1 cortafríos.
 - 1 tenaces.
 - 1 chave de rodas

Todos estes materiais entregaranse debidamente soportados e colocados na cabina, armarios e cofres do vehículo, e para iso disporanse as necesarias baldas, bandexas, divisións e peites que deberán ser fixos, extraíbles, pivotantes, telescópicos e abatibles, de xeito que se valorará positivamente que en todo momento o material sexa facilmente accesible, dende o punto de vista da seguridade e da ergonomía do bombeiro, maximizando así mesmo, na medida do posible, o espazo do que a priori se dispón.

7.- ROTULACIÓN :

O vehículo rotularase coas seguintes marcaxes, anagramas e logotipos:

* Parte frontal e posterior do vehículo: letreiro de “Bombeiros” invertido na parte frontal e normal na posterior, xunto co anagrama dun teléfono e o número 112. Todo iso realizado utilizando como base unha lámina retrorreflectante flexible de cor branca, conforme a UN/ECE 104, para poder serigrafar ou imprimir dixitalmente nas cores correspondentes. A retrorreflectancia, tendo un ángulo de entrada de 5° e un ángulo de observación de 0,33° a película non impresa de cor branca deberá ter como mínimo un coeficiente típico de retrorreflectancia non inferior a 50 candelas/lux*m² . A lámina deberá ter unha excelente resistencia á auga. Os materiais retrorreflectantes empregados na confección dos rótulos de textos e/ou grafismos distintivos deberán cumprir cos requisitos especificados no Regulamento CEPE-ONU nº 104 (Clase D/E) e levar, consecuentemente, a marca de homologación correspondente.

* Laterais do vehículo: Nos laterais do vehículo levará rotulados o anagrama do teléfono co número 112 e os logotipos oficiais do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do



Servizo contra Incendios e Salvamento así como a lenda Bombeiros de Galicia. Nas portas levará o logotipo do dito Consorcio. Todo isto realizado utilizando como base unha lámina retrorreflectante flexible de cor branca, conforme a UN/ECE 104, para poder serigrafiar ou imprimir dixitalmente nos cores correspondentes. A retrorreflectancia, tendo un ángulo de entrada de 5° e un ángulo de observación de 0,33° a película non impresa de cor branca deberá ter como mínimo un coeficiente típico de retrorreflectancia non inferior a 50 candelas/lux*m². A lámina deberá ter unha excelente resistencia á auga. As tintas de serigrafía transparentes, serán de secado rápido e estará formulada para o seu uso sobre a lámina retrorreflectante flexible anterior. No caso de que o anagrama do Consorcio se faga mediante impresión dixital, deberá ter un laminado de protección UV para a correcta conservación das cores. Os materiais retrorreflectantes empregados na confección dos rótulos de textos e/ou grafismos distintivos deberán cumprir cos requisitos especificados no Regulamento CEPE-ONU n° 104 (Clase D/E) e levar, consecuentemente, a marca de homologación correspondente.

* Marcaxe da contorna do vehículo: Toda a contorna ou perímetro do vehículo (laterais, dianteira e traseira) irá marcada, para unha mellor visibilidade e detección, cunha lámina retrorreflectante de alta visibilidade para marcaxe de vehículos, de cor amarelo limón-fluorescente.

* Marcaxe de balizado das persianas laminadas dos cofres laterais do vehículo: Tódalas persianas dos cofres do vehículo irán marcadas con dúas franxas de balizado simetricamente distribuídas. A marcaxe de balizamento farase cunha lámina retrorreflectante de alta visibilidade para marcaxe de vehículos, con franxas oblíquas, de cores amarelo limón fluorescente e vermello.

As láminas de marcaxe da contorna do vehículo e de balizado das persianas dos cofres do vehículo, serán láminas retrorreflectantes de alta visibilidade para marcaxe de vehículos, provista de lentes prismáticas, homologada segundo norma UN/ECE 104, que teña unha excelente angularidade. A retrorreflexión, a un ángulo de entrada de 5° e un ángulo de observación de 0,33°, a lámina deberá ter un coeficiente de retrorreflexión típico non inferior a 550 candelas/lux*m². A lámina deberá ter unha excelente resistencia á auga, e o revestimento deberá estar garantido durante alomenos 36 meses. Os materiais retrorreflectantes empregados deberán cumprir con tódolos requisitos que lle son de aplicación segundo a CUAP de materiais retrorreflectantes microprismáticos (ETA request núm. 01.06/04), en concreto e de xeito non excluínte as táboas 4,5,6,14 e 16.

QUINTA.-CURSOS DE FORMACIÓN

De 40 horas de duración.

Impartiranse nas instalacións que o Consorcio determine para grupos de bombeiros non superiores a 6 persoas.

SEXTA.- RECEPCIÓN

Unha vez realizadas as probas pertinentes redactarase un acta de recepción

SÉTIMA.- PRAZO DE GARANTÍA

Establécese un prazo de garantía, mínimo de 12 meses.



OITAVA.-MANTEMENTO E SERVIZOS

Os ofertantes deberán expresar as oficinas, talleres, repostos e servizos de mantemento e reparacións de que dispoñen para poder levar a cabo as actuacións que fosen precisas sobre o ben a subministrar, indicando a súa ubicación.

NOVENA.- TIPO DE LICITACIÓN

O importe máximo da licitación será de cincocentos cincuenta mil euros (550.000,00€), IVE engadido.

DÉCIMA.- PRAZO DE ENTREGA

Establécese como prazo de entrega, máximo, de NOVE (9) meses.



ANEXO II

PRESENTACIÓN DO LICITADOR

1. D./Dña., en nome propio ou en representación da entidade mercantil, manifesta a súa vontade de participar no procedemento aberto convocado para a execución do contrato de....., polo importe sinalado na oferta económica formulada como anexo IV.

2. Datos da empresa:

Nome e apelidos do representante ou do licitador persoa física.....

Teléfono do licitador

Fax do licitador

Enderezo sinalado polo licitador para os efectos da práctica de notificacións

.....

...

Número de inscrición da empresa no rexistro de contratistas (se é o caso)

.....

3.- A entidade mercantil, comprométese a achegar documentación ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

....., de de

(Sinatura e selo do licitador)



ANEXO III

Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración

D/D^a....., maior de idade, titular do DNI....., con domicilio a efectos de notificación ene actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantilcon CIF número.....e con domicilio social en, representación que acredito por medio de escritura deoutorgada diante do Notario de, D/D^a....., o día, e co número de protocolo.....) declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración recollidas na lexislación vixente en materia de contratos.

No caso de persoas xurídicas: que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 49 da LCSP.

2.- Que estou o corrente no pago (que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago) das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXCAP.

3.- Que non teño pendente de pago (que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pago) ningunha débeda en período executivo co Consorcio provincial de extinción de incendios de Lugo, coa Xunta de Galicia e coa a Deputación provincial de Lugo.

4.- Estar dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non ter causado baixa no mesmo

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de

_____.

Lugar, data e sinatura



ANEXO IV

MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

D/D^a _____, con domicilio en _____ (localidade, C.P. e provincia), rúa /praza _____ nº ____ teléfono _____ e Fax _____, co D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) N^o ____, actuando no seu propio nome (ou na representación de _____ co D.N.I. ou C.I.F. N^o _____, e domicilio en – rúa/praza, nº, localidade, CP, provincia–, nº de teléfono _____ e Fax _____), (1) toma parte no procedemento aberto e trámite ordinario para a adxudicación da subministración de _____ segundo anuncios de licitación publicados no B.O.P. nº ____, de data ____ e para o que fai constar expresamente, que:

1. Acepta tomar parte na licitación do referido procedemento, estando de acordo coas condicións previstas polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Lugo contratante.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe na contratación e mailos seus Anexos, especialmente o que constitúe o Prego de Prescricións Técnicas que forma parte daquel, aceptando integramente os termos, Cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.
3. Ofrece o prezo seguinte:
A cantidade de ... (en cifra e letra) Euros,
4. Acompaña no presente, e nos sobres "A" e "B" toda a documentación esixida no antedito Prego.
5. Se compromete e obriga expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Consorcio e dentro do prazo máximo de dez días hábiles desde recibida a comunicación sobre a proposta de adxudicación, a documentación á que fai referencia os pregos.

En _____, __ de _____ de 20__.

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)



ANEXO V

DECLARACIÓN DE NON VARIACIÓN

D./Dna., co DNI núm., en nome propio ou en representación da empresa, co NIF/CIF núm.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que me atopo inscrito ou a empresa á que represento se atopa inscrita no Rexistro.....
..... co número..... e que as circunstancias reflectidas na certificación do mesmo non experimentaron variación.

....., de de

(Sinatura e selo do licitador)



ANEXO VI.

DECLARACIÓN RELATIVA A GRUPO DE EMPRESAS.

D./D^a....., con DNI, (en nome propio ou da persoa ou entidade que representa, especificando neste último suposto as súas circunstancias), visto o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, así como o artigo 129.4 da LCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, en relación co disposto no artigo 42.1 de Código de comercio (CC), emito a seguinte

DECLARACIÓN XURADA

A entidade mercantil, para os efectos previstos no artigo 83.3 do TRLCAP, mailo artigo 86 do RXLCAP, declara (deberá consignarse a continuación o que proceda):

Non atoparse incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do CC, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 dese código.

Atoparse incurso no suposto (menciónese este)..... previsto no artigo 42.1 do CC, ao pertencer ao grupo de empresas (ou se é o caso, estar integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos alternativos do artigo 42.1 do CC) respecto da cal forman parte as seguintes sociedades (deberán consignarse a continuación as denominacións sociais que integran o grupo ou das sociedades nas cales concorra algún dos supostos alternativos regulados na devandita norma legal respecto dalgún dos seus socios):

- a)
- b), etc.

....., de de

(Selo e sinatura do licitador)



ANEXO VII

RELACIÓN DE RELACIÓN DE MELLORAS AVALIABLES SEGUNDO XUÍZOS DE VALOR CORRESPONDENTE Ó SOBRE B.

D./D^a....., con DNI, (en nome propio ou da persoa ou entidade que representa, especificando neste último suposto as súas circunstancias), formula as melloras propostas a valorar mediante xuízos de valor relativas aos seguintes aspectos:

(con carácter previo a cada Anexo a empresa achegará un breve resume daquelas melloras a presentar no sobre B).